

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO da contratación, polo procedemento aberto, das obras de reforma da estrutura e pavimento do pavillón Monte da Mina.

1. Entidade adjudicadora: organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Deportes. Nº de expediente 15922-333.

2. Obxecto do contrato: a execución das obras do proxecto de reforma estrutura e pavimento do pavillón A Mina-Castrelos.

Lugar de execución: Vigo.

Prazo de execución: catro (4) meses. Prórroga: non procede.

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

4. Orzamento base: 214.200,00 euros, IVE que ten soportar a Administración: 44.982,00 euros. Orzamento total: 259.182,00 euros.

5. Garantías exixidas. a) Provisional: non se exige. b) Definitiva: si (5 % do prezo de adjudicación do contrato, excluído o IVE). c) Complementaria: si; por un importe do 5 % do prezo de adjudicación do contrato, excluído o IVE, cando a oferta adjudicada fose cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada e fose xustificada adecuadamente.

6. Obtención da documentación e información: www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono 986 81 01 48, fax: 986 22 62 06.

Data límite para solicitar documentación: ata sete (7) días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista: a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: declaración do volume anual de negocios. Consideraranse con



solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato e documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: grupo C (edificacións), subgrupo 6 (pavimentos, sollados e azulexados), categoría 1 e grupo C (edificacións), subgrupo 2 (estruturas de fábrica e formigón), categoría 1. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados, como máximo, nos dez últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicarase importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos dez anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao valor estimado e documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: grupo C (edificacións), subgrupo 6 (pavimentos, sollados e azulexados), categoría 1 e grupo C (edificacións), subgrupo 2 (estruturas de fábrica e formigón), categoría 1.

8. Presentación de ofertas: prazo: rematará o vixésimo sexto (26) día seguinte ao da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG.

Documentación: a exixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 da folia de especificacións do contrato.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Pza. do Rei, nº 1, 36202 Vigo, ata as 13.30 horas do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados desde o día da apertura de proposicións.

9. Apertura das ofertas técnica e económica: entidade, domicilio e localidade: véxase o punto 6 do anuncio.

Data e hora: anunciaranse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións:

11. Páxina web para a obtención de información: www.vigo.org

Vigo, 16 de maio de 2017

O alcalde

P.D. (Decreto e Acordo do 19.6.2015)

David Regades Fernández

Concelleiro delegado de Contratación

